


Museo do Humor
Alda. Conces. 20-22
15500 Fene A Coruña

Tfno: 981 342 400
museodohumor@gmail.com



Autor: Cau Gómez
Curuxa Gráfica 2004

Horario: de luns a venres de 10:00 a 13:00 e de 16:00 a 21:00 horas e os sábados de 10:00 a 13:00 horas (horario de inverno) e de luns a venres, de 10:00 a 14:15 horas (horario de verán e períodos vacacionais).



O CERTAME

O Concello de Fene recupera neste 2015 os Premios "Curuxa", concurso de humor gráfico que convocou o Museo do Humor de xeito ininterrompido e cunha periodicidade anual dende a súa fundación en 1984 ata ao ano 2007.

Os Premios "Curuxa" naceron co obxectivo de premiar aos mellores humoristas gráficos do momento, artellándose inicialmente en cinco categorías: Curuxa Gráfica, Curuxa aos Medios, Curuxa Nova, Curuxa de Honra e Curuxa de Barro.

Ao longo da súa historia, importantes autores fíxeronse coa Curuxa Gráfica, o máis importante dos premios, sendo a maioría, hoxendía, artistas plenamente consagrados. Pero, ademais, ao redor dos Premios "Curuxa", o Museo do Humor organizou durante anos as súas Xornadas do Humor, durante as cales se entregaban os premios aos gañadores, amais de organizárense conferencias, sesións de caricatura ao vivo, espectáculos humorísticos, etc.

Coa recuperación dos Premios "Curuxa", o Concello de Fene pretende outorgar ao Museo do Humor unha maior proxección pública, tanto en Galicia coma no resto de España, amais de recoñecer e premiar o talento dos nosos humoristas gráficos.

PREMIOS CURUXA DO HUMOR




Pérez Pastor

2015

BASES 2015

1. CATEGORÍAS E PARTICIPACIÓN

Na categoría CURUXA, calquera persoa maior de 25 anos residente no Estado español.

Na categoría CURUXA-NOVA, calquera persoa de ata 25 anos residente no Estado español.

Aos efectos de cómputo de idade, tomarase a idade do/a participante na data na que se publique a convocatoria no BOP.

As persoas menores de 25 anos poderán participar na categoría xeral, CURUXA, extremo que implica a renuncia á categoría CURUXA-NOVA.

Os/as participantes poderán presentar un só debuxo.

2. TEMÁTICA

Nas dúas categorías, temática libre. Humor gráfico nas súas modalidades mudo, texto ilustrado ou viñeta.

3. CARACTERÍSTICAS DOS DEBUXOS A CONCURSO

Teñen que ser orixinais, de creación propia e inéditos. Non se admiten fotocopias, copias dixitais ou gravados.

Os debuxos teñen que estar feitos en cartolina, cunhas dimensións de 29,7x42 cms (A3).

4. LINGUA

Os traballos a concurso teñen que estar redactados en lingua galega. Admítense traballos de humor mudo.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde a data de publicación das bases no BOP e até as 14:00 h do día 15 de setembro de 2015.

6. ENDEREZO DE ENVÍO DOS ORIXINAIS

A presentación da documentación efectuarase no Rexistro Xeral do Concello de Fene sito na R/Concello, s/n, 15500 Fene, A Coruña (ou nos lugares relacionados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común).

7. IDENTIFICACIÓN

•Os traballos enviaranse en paquete/sobre/tubo sen remite e facendo constar no exterior "Para o concurso de humor gráfico Curuxa'2015", amais da categoría na que concursa.

•A obra presentarase baixo o sistema de plica, polo que será enviada xunto cun sobre independente, pechado, e en cuxo exterior conste: CONCURSO DE HUMOR GRÁFICO CURUXA DO HUMOR'2015, a categoría na que concursa (CURUXA ou CURUXA NOVA), o título da obra e un lema oseudónimo da persoa que sexa a súa autora; no interior incluírase unha copia do DNI, enderezo, teléfonos de contac-

to, correo electrónico, breve currículo, declaración responsable expresa de que a obra é da súa autoría, inédita e orixinal. Asemade neste mesmo sobre terán que achegar os datos fiscais e un certificado de titularidade da conta na que, de recibir algún dos premios regulados nestas bases, se fará efectivo o pagamento. No caso que haxa algún concursante menor de 18 anos, deberán achegar copia do DNI do pai/nai ou titor/a legal así como a súa autorización escrita para participar no concurso.

•Asemade, os orixinais a concurso levarán no reverso, a lapis, o nº de DNI do concursante e o lema/seudónimo co que se presenta ao concurso.

8. EXPOSICIÓN FÍSICA E/OU VIRTUAL DOS TRABALLOS

A presentación de traballos a concurso implica a autorización expresa ao Museo do Humor do Concello de Fene a utilizar estas imaxes a efectos simplemente expositivos, no propio Museo e noutras instalacións do termo municipal así como na páxina web municipal, durante o último trimestre de 2015 e primeiro mes de 2016.

O Museo do Humor do Concello de Fene resérvase a facultade de seleccionar aqueles traballos a expoñer.

A exposición das obras non reportará dereitos económicos para os autores das ilustracións.

9. PREMIOS

•Categoría CURUXA (maiores de 25 anos)

o 1º Premio, dotado con 2.000 euros e diploma

o 2º Premio, dotado con 1.500 euros e diploma

•Categoría CURUXA-NOVA (menores de 25 anos)

o 1º Premio, dotado con 1.000 euros e diploma

o 2º Premio, dotado con 500 euros e diploma

A financiación de ditos premios farase con cargo á partidas orzamentaria 2015/334/48000 do presuposto Xeral do Concello de Fene.

Os premiados deberán acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante declaración responsable á que se refiere o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións ó non superar a contía o importe de tres mil euros.

Os importes dos premios estarán suxeitos aos impostos e retencións legais que lle sexan de aplicación.

As persoas premiadas comprométese a recoller o premio na gala que a estes efectos programe o Concello de Fene.

10. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado do premio, nomeado polo Concello de Fene, estará presidido polo alcalde de Fene. Formarán parte do xurado o/a concelleiro/a de Cultura e tres humoristas ou expertos en humor gráfico nomeados polo Concello de Fene. Actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a secretaria xeral do Concello de Fene ou traballador/a municipal en quen delegue.

Cada un dos humoristas ou expertos nomeados polo Concello percibirán, en concepto de honorarios polo seu labor como xurados as cantidades

que a tal efecto se acorden, as cales estarán suxeitos aos impostos e retencións legais que lle sexan de aplicación.

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade á súa primeira xuntanza na páxina web fenecidadan.gal aos efectos de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

11. FUNCIONAMENTO DO XURADO

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Aos efectos da validez da súa constitución, será de aplicación o disposto no art. 26.1 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As deliberacións serán segredas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado poderá declarar desertos todos ou calquera dos premios de non existiren, ao seu xuízo, obras coa suficiente calidade.

O fallo do xurado terá lugar no último trimestre de 2015 e darase a coñecer a través da páxina web fenecidadan.gal e dos diferentes medios de comunicación.

12. DEREITOS E PROPIEDAD DOS DEBUXOS

Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello de Fene, pasando a formar parte da súa colección no Museo do Humor.

Os/as autores ceden todos os seus dereitos ao Concello de Fene para a publicación, exposición e divulgación por calquera medio dos traballos premiados, citando sempre a súa autoría, premio acadado e ano en que obtivo este galardón.

Para os traballos non premiados, o Concello de Fene comprométese á súa devolución sempre que no envío así se solicite expresamente. Exclúense desta posibilidade aqueles traballos que non se axusten a estas Bases. A devolución de orixinais hase efectuar a partir do mes de febreiro de 2016.

Aqueles traballos presentados a concurso e para os que non se solicite a devolución pasarán a formar parte da colección do Museo do Humor do Concello de Fene.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación das obras supón a aceptación destas bases por parte dos/as autores/as.

14. NORMATIVA DE APLICACIÓN

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, no RD 887/2006, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións e polo resto de lexislación que lle resulte aplicable.

A presente convocatoria efectúase de conformidade coa Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Fene, aprobada polo Pleno en sesión de 30 de marzo de 2007 e publicada no BOP nº 135 de 15 de xuño.